

1. Denominación do curso (nome do expediente):  
*Operador/a de carretillas e plataformas elevadoras-PEMP* (con certificación UNE), 3 edicións

2. Contidos:

- Operador/a carretilla elevadora UNE 58451 (20 horas)
- Operador/a plataformas elevadoras móbiles de persoal (PEMP) UNE 58923 (15 horas)
- PRL sector naval + medioambiente sector naval (8+8 horas)
- Módulo transversal de orientación laboral e busca de emprego (5 horas)
- Módulo transversal de igualdade de xénero (5 horas)
- E dúas charlas e dúas visitas

3. Horas totais do curso: 61 (35 horas certificación e 26 horas de módulos adicionais)

4. Lugar de celebración: No centro municipal de formación IRMAS FROILAZ, na Gándara

5. Datas previstas do curso:  
Do 11 ao 28 de xullo (primeira edición)  
Do 1 ao 18 de agosto (segunda edición)  
Do 22 de agosto ao 7 de setembro (3ª edición)

6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

7. Nº de prazas: 10 prazas cada edición

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado:

- Maior de 18 anos, desempleado e empadroadado no Concello de Narón
- Non estar admitido noutro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente con este curso.
- Non haber tido unha avaliación negativa en cursos da programación municipal neste mesmo sector de actividade nos últimos 3 anos.
- Non haber realizado o mesmo curso con avaliación positiva.
- O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso.
- O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes.
- O requisito de desempleado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.
- É RECOMENDABLE para o bo aproveitamento do curso, dispor de carné de conducir e non sufrir de vértigo e/ou problemas coronarios

9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 27 de xuño de 2022, ás 8:30 horas, ata o 4 de xullo de 2022, ás 13:00 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 – 13:00 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.

12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación e Actividades Municipais da páxina web do Concello ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981-33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións:

- Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas.
- O alumnado será informado telefonicamente por rigorosa orde da súa admisión, para a confirmación da praza, podendo elixir a data da edición, de haber dispoñibilidade. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva.
- O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.
- O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso, incluída a normativa en materia de seguridade e hixiene.
- As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego.
- De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.